

Xosé Luís Méndez Ferrín. *Estirpe*

Joaquim Ventura

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VENTURA, JOAQUIM (2011 [1995]). “Xosé Luís Méndez Ferrín. *Estirpe*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 219-223. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1522>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VENTURA, JOAQUIM (1995). “Xosé Luís Méndez Ferrín. *Estirpe*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 219-223.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Xosé Luís Méndez Ferrín. *Estirpe*
Vigo: Edicións Xerais de Galicia**

Joaquim Ventura

Podería soar a verdade de pé de banco, pero cando temos esta publicación nas nosas mans temos perante noso Autor, Texto e Libro. Sen esquecermonos de nós mesmos, Lectores que, probablemente, gardaremos este *artefacto* (que diría o propio Méndez Ferrín) editado por Xerais no alzadeiro de honra da nosa biblioteca ou que o ofreceremos como agarimoso galano a unha persoa querida.

Porque, entre outras cualidades que logo imos ver, *Estirpe* ten un valor obxectual de seu: é un Libro, dito así con maiúsculas. Ás veces regalamos un libro en tanto que obxecto perdurable, dunha perdurabilidade que leva implícita a lembranza de quen o regalou. Agasallar cun libro ten tamén ese valor intrínseco que lle damos os letraferidos. Item máis. Regalar un libro de poesía supón (fainos supoñer cara a nós mesmos) un detalle de sensibilidade, de lixeireza nas verbas artelladas con habelencia. Mais non adoitamos a regalar libros de poesía recente senón máis ben a dos clásicos, seguindo ás veces eses criterios pendulares do gusto, da crítica e da contracritica (¿quen regala hoxe para un aniversario ou un santo unha obra de Celso Emilio Ferreiro?). Acontece, amais, que os libros de poesía xeralmente son pequenos, cáseque semellan edicións de peto, e parece que non “dean feito” para galano. Iso contando con que ó destinatario lle goste a poesía.

Ben. Pois, xa digo, *Estirpe* ten, amén doutros valores, un moi importante: o seu valor obxectual. E se comezo por comentar a súa fasquía formal é porque, coma todo produto sometido á venda, o seu envoltorio é o primeiro que ve o potencial comprador/lector. E os editores de Xerais apostaron forte: tamaño (30x20) e formato (tapas duras) non habituais nun libro de poemas, deseño gráfico coidado, debuxos de Gonzalo Araújo e un prezo, relativamente, bo. (Neste senso non sei se resulta

moi coherente aceptar un premio do Ministerio de Cultura español de “axuda á creación” cando o autor, sendo nacionalista como é, rexeitou en 1982 o Premio Cunqueiro da Xunta de Galicia). En definitiva, un artefacto cultural, coidado e de calidade, susceptible de se trocar nese galano a un amigo ou unha amiga ós-que-nunca-sabemos-que-regalarlles.

Indo ós aspectos máis internos de *Estirpe*, eu sinalaba ó comezo desta reseña a presenza, a importante presenza, do Autor. Xosé Luís Méndez Ferrín é deses escritores de quen —mesmo que dalgún músico ou dalgún cineasta— estamos á espreita do último que tiraron do prelo, sabedores que, autores e lectores, eles e nós, estamos a facer historia nesa relación que establecemos cando adquirimos/lemos un libro. Cando lemos o máis recente libro de Méndez Ferrín, sabemos que *Estirpe* vai figurar na historia da literatura galega de aquí a uns anos, un libro que é un elo da cadea da súa obra, un elo ó cal se engadirán algúns máis que agora xa estamos a esperar. Un caso semellante vénme ó maxín, o do poeta catalán Miquel Martí i Pol. Malia a súa doenza, ou quizais xustamente por iso, segue a escribir e segue a facelo con optimismo. ¿Ou non vai ser optimista cando —no intre de escribir estas liñas— leva vendidos quince mil exemplares de *Suite de Parlavã*? Quince mil exemplares en tres anos dun libro de poesía escrito nunha lingua de pouco máis de dez millóns de falantes. Pois claro que é para ser optimista e así non nos deixa orfos de lecturas (vén de saír do prelo *Un hivern plàcid*) e de audición, logo das súas colaboracións con Lluís Llach, a máis recente en *Un pont de mar blava*.

Volvendo a Méndez Ferrín, o autor ourensán fai unha desiderata cando na adicatoria plurilingüe confesa que quixera que este seu libro, *Estirpe*, estivese nas bibliotecas de Seamus Heaney, de Derek Walcott e de Antonio Gamoneda. Este recurso plurilingüe é relativamente habitual en Méndez Ferrín. Neste senso lembremos, entre outros e sen seren exhaustivos, os empréstitos que aparecen en *Con pólvora e magnolias* e que Claudio R. Fer califica como polilingüismo culturalista. Lonxe de ser soberbia —Méndez Ferrín, neste senso, pode selo con todo dereito— esta adicatoria abre unha perspectiva de estudio da relación autor-lector. A un lector podemos saberlle os gustos segundo os libros que garde na súa casa, pero un escritor —a diferenza dun artista plástico ou dun ourive— non sabe quen ten obra súa, agás dos libros que adicados envía ós amigos. Non sería, penso, mala idea que en libros senlleiros coma *Estirpe*, houbese unha pestana para que o lector escribise nela os seus datos e un elemental perfil bibliográfico, pestana que sería enviada á editorial (para que o autor non tivese que aturar os *excesos* dos admiradores). Deste xeito un autor podería saber quen e como son os seus lectores.

Indo ó Texto, Méndez Ferrín fai en *Estirpe* unha serie de pequenas homenaxes ó seu mundo, ós seus pequenos/grandes mundos éticos e estéticos. Dalgún xeito, os *cortes* destas homenaxes resultan semellantes ós dos seus libros anteriores. Como despois imos ver con máis detalle, temos algunhas constantes verbo da súa poética precedente: os líderes políticos comunistas, a música, as referencias célticas e artúricas, as xentes galegas de onte e de hoxe.

Pero se continuamos coa comparación entre as, para min, grandes fitas da poesía de Méndez Ferrín, entre 1976 en que publicou *Con pólvora e magnolias* (verdadeiro revulsivo na poesía galega recente) e este 1994 en que aparece *Estirpe*, non só pasaron dezaioito anos. Tamén pasaron moitas e moi importantes cousas na sociedade galega e na persoa do propio autor. Un tema é constante en Méndez Ferrín: o mundo céltico-artúrico. Con todo, cómpre facer unha distinción entre o que é o celtismo como referente mítico incorporado polos romanticistas (Murguía,

Pondal) e retomado polas xeracións de comezos de século (Cabanillas, Bouza Brey, Risco), e o mundo artúrico en tanto que patrimonio mítico e literario universal.

Méndez Ferrín incorpora o mundo celto-atlántico en xeral xa no seu primeiro poemario, *Voce na néboa* (1957). É unha herdanza dos precursores oitocentistas que segue a ampliar en *Poesía enteira de Heriberto Bens* cando recolle a versión do *Leabhar Gabhala* irlandés publicada en *Nós* (1931), no poema “Sentarame ben chorar esta noite”. En *Estirpe* volve a aparecer este mundo no poema a xeito de homenaxe á terra paradigmática do celtismo, Irlanda, no poema deste mesmo nome. Pero Méndez Ferrín tamén fai seu o mundo artúrico xa desde as súas primeiras narracións en *Percival e outras historias* ata *Amor de Artur*. Na súa poesía tamén está incorporado e así en *Estirpe* faille homenaxe ó cabaleiro do Graal no poema “Perceval”.

O paradoxal do caso, ó meu entender, está en que sendo o nacionalismo de Méndez Ferrín tan dialéctico (considerando que o marxismo-leninismo sexa dialéctico ou polo menos participe desa dialéctica *soi-disant* dos manuais), o noso autor teña coma eixo constante do seu mundo a incorporación tópica e metafísica do mundo artúrico que fixeron os galeguistas históricos de preguerra. Na etnografía e na antropoloxía galegas Irlanda, o rei Artur, Perceval ou Merlin son tan estraños coma a China, Confucio, Mao ou Ho Chi Minh. Unicamente podemos entendela ó xeito cunqueiriano, é dicir, se o autor está a empregalos para artellar un mundo de seu, afastado literariamente da realidade (contando con que sexan realidade certas reivindicacións). Cousa esta que non sempre é así en Méndez Ferrín xa que non sempre afasta a realidade en xeral do seu mundo poético persoal, senón moi ó contrario, como sucede en *Con pólvora e magnolias*, os poemas do cal reflectían moi ás claras as arelas da esquerda nacionalista radical no final do franquismo e mais as esperanzas que daquela parecían abrirse.

Pero a diferenza doutros autores que, simplemente, eran antifranquistas, para Méndez Ferrín a transición democrática —e aceptemos a terminoloxía histórica aplicada ó período 1976-1978— non significaba a chegada dunha nova etapa de satisfacción dos seus obxectivos. Por iso Méndez Ferrín seguía a ser resistente e así o expresaba nas súas obras de finais dos setenta. A publicación en Galicia da *Poesía enteira de Heriberto Bens* en 1980 (tirada do prelo por primeira vez en Montevideo oito anos antes) non supón un poemario pasado de moda: para o resistente Méndez Ferrín segue a ter plena vixencia non só literaria senón tamén social e reivindicativa, aínda que a sociedade galega —para ben ou para mal, por defecto ou por exceso— estaba a anos luz das teses mendezferrinianas daquela.

Pero estes poemas épico-reivindicativos non eran pura retórica, xa que Méndez Ferrín seguía a súa resistencia indo alén do nacionalismo radical e frontista *oficial* do entorno UPG-BNPG. Esa ultraresistencia, sorprendentemente desnortada no ideolóxico nun autor literariamente tan lúcido, levarao á cadea por suposta práctica de *loita armada*. Pasada esta etapa Méndez Ferrín retoma o mundo do imaxinario na súa narrativa, quizais mellor vehículo literario —xa que logo os seus contos— para conxurar espíritos cá poesía, de sempre arma de combate (ó xeito de Blas de Otero) nas mans do autor ourensán. Impúñase un certo período de reflexión durante o cal todos os referentes ideolóxicos que apareceran en *Con pólvora e magnolias* e en *Poesía completa de Heriberto Bens* (posterior en canto á recepción polo público galego) non só están mortos e soterrados senón literalmente dinamitados. Mao Zedong xa non é un poeta, xa non é o Pastor do Leste, xa non é o Señor Nadador cantado por Méndez Ferrín. Por unha reportaxe da BBC que recollía declaracións do

médico do dirixente comunista chinés, sabemos que o noutrora Grande Timonel era un obseso sexual, un vello verde, que non se lavaba en semanas, un cruel tirano, e os seus herdeiros, mimados polo capitalismo de aquí e de acolá, non dubidaron (¿en nome do proletariado? ¿en nome da nacente burguesía?) en verquer o sangue dos estudantes democráticos en Tiananmen.

O mito da rebeldía pola vía alucinóxena (lembremos a homenaxe a Janis Joplin en *Con pólvora e magnolias*) está feito anacos cando Galicia é terreo de operacións dos cárteles colombianos da cocaína, coa conseguente perda de valores persoais en sectores importantes da poboación das Rías Baixas. O pseudorromanticismo post-maio do sesenta e oito dos grupos armados anti-sistema ós que Méndez Ferrín homenaxaba coma a heroes (Ulrike Meinhoff, Moncho Reboiras, quizais levando moi lonxe esa mitificación o propio Méndez Ferrín), ficou definitivamente fóra de calquera postura racional cando a tolería da morte indiscriminada e a chantaxe mafiosa pasaron a ser o verdadeiro móbil dos grupos armados, verbi-gracia ETA.

Claro que Fukuyama está trabucado e a Historia non finou. Bosnia, Haití, Ruanda, están aí para lembrárnolo. Aínda hai razóns para a revolta e Méndez Ferrín recólleas en *Estirpe*, pero cunha persoal cosmogonía que, en relación á súa poesía anterior, ten que ser máis centrada, sen que iso signifique perda de calidade. En *Estirpe* seguen a estar presentes os pequenos/grandes mundos de Méndez Ferrín de sempre e coa súa fresca literatura de sempre. Hai persoeiros reais como Jerry Lee Lewis, don García (recentemente reivindicado tamén por Manolo Rivas na súa *En salvaxe compañía*), Fidel Castro e Prisciliano, e imaxinarios como Perceval. A pegada e o compromiso nacionalistas e a Terra están (é de obriga) en *Estirpe*: as referencias irlandesas —tópico en toda cosmogonía galeguista—, os labregos de Larín (Arteixo) botados fóra da casa dos seus devanceiros pola dona ausente (cousa que lle permite a Méndez Ferrín amosar a actualidade da Rosalía de Castro que escribía aquilo de “vendéronlle os bois, vendéronlle as vacas, o pote de caldo i a manta da cama...”), os mártires pontevedreses do xullo do trinta e seis, o mar, as gaivotas, os castros, os curros, as illas reais e as illas imaxinarias, illas de aquín e de alén.

Sen embargo, nalgunhas cousas Méndez Ferrín segue a chegar tarde. Facer unha homenaxe a Fidel Castro, agora, resulta un algo patético aínda que esta sexa crepuscular, cáseque “polos servicios prestados”. Castro actúa, no poema de Méndez Ferrín, coma contrapunto ó sucedido nestes últimos anos: a redución “do número de obreiros, labregos e mariñeiros”, o “mencer da cocaína prás camadas emerxentes”, a difícil xuntanza dos —para Méndez Ferrín— derrotados do mundo neste intre en que alguén quixo “fundir a historia”.

De todo isto escribe e poetiza Méndez Ferrín, subvertendo a lingua: sen puntuación, sen maiúsculas iniciais, coas frases encabalgadas e divididas, distorsionando voluntariamente a(s) norma(s) a prol da propia estética da forma poética. Pero esta liberdade, esta “licencia” é moi perigosa se editores, tipógrafos e correctores non andan con ollo, pois pode suceder o que ás obras en galego de Cunqueiro na súa editorial viguesa: nunca sabes onde remata a distorsión ambigua do autor e onde comeza a errata reincidente da imprenta. Nunha edición tan coidada como a de *Estirpe* podemos pasar que aparezan “ouralistas” (síntoo pero non dei atopado este termo nos dicionarios que teño: ¿non serán “uralistas”?) pero pseudoneologismos de imprenta como “feroz terratentent galego” ou “sague menstrual” ensuxan o resultado final.

No “Colofón” Méndez Ferrín resume dalgún modo os fíos conductores da obra, xa que logo, os referidos á Terra. *Estirpe* é un libro que impón por si mesmo un ritmo de lectura calmo. Aínda léndoo de corrido. Amais, temos que andar marcando mentalmente as frases para supraverver a sintaxe e a forma subvertidas polo autor. É tamén libro que logo podemos reler petiscando os poemas desordenadamente, e sempre atoparemos unha nova suxerencia, un novo matiz.